



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAODINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA CON DATA DE 23 DE AGOSTO DE 2016

Asistentes

Presidente: Don Jorge J. Tuñas Caamaño

Sres. Tenentes de Alcalde: Don Manuel Angel Leis Miguez e dona María del Mar García Vidal

Secretaria: Dona Asunción García Laseca.

Interventor: Don Francisco Javier Portela Amor.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, sendo as once horas do día vinte e tres de agosto de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria e urxente coa asistencia dos/as Sres./as Tenentes de Alcalde antes relacionados/as baixo a Presidencia do Sr. Alcalde don Jorge J. Tuñas Caamaño, actuando como Secretaria a titular da Corporación, Dona Asunción García Laseca.

Reunida a Xunta de Goberno Local, cos requisitos formais esixidos polo vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en particular co cuórum de asistencia necesario segundo dispón a referida norma, a Presidencia declara aberta a sesión , celebrándose de acordo coa seguinte Orde do Día:

PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Xustifícase a urxencia da convocatoria en base á necesidade de rematar os procedementos de contratación ó que se refiren os puntos seguintes desta orde do día dado o reducido dos prazos co que se conta para a tramitación dos mesmos á vista da normativa reguladora á que están suxeitas as subvencións correspondentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da convocatoria.

SEGUNDO.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “EFICIENCIA ENERXÉTICA NA LUZ PÚBLICA (RÚA ROSALÍA DE CASTRO E RÚA TERESA FABEIRO).- COMUNICACIÓN DE POSICIÓN ÁS EMPRESAS LICITADORAS

No procedemento negociado sen publicidade, que se tramita efectuáronse consultas e/ou concorreron á licitación ás empresas seguintes:

- Manuel Pandeiro Fernández.
- Cendán y Filgueira S.L.
- Garvi Electricidad S.L.
- Galega de Técnicas e Investimentos S.L.

- Abrente Enerxía S.L.
- Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L.
- Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso S.L.
- Proxecta Obras e Servizos S.L.

Con datas de 11 de xullo e 18 e 23 de agosto de 2016 tiveron lugar as xuntanzas do Órgano de Negociación da que resultaron os acordos seguintes:

Primeiro.- Admitir a licitación, polo cumprimento dos requisitos esixidos no sobre A, ás empresas seguintes:

- Abrente Enerxía S.L.
- Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L.
- Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso S.L.
- Proxecta Obras e Servizos S.L.

Segundo.- Rexeitar da licitación ás empresas seguintes e polas causas que se apuntan a continuación:

- **Manuel Pandeiro Fernández** : No aportar a documentación que faltaba no Sobre A e que lle foi requerida.
- **Cendán y Filgueira S.L.**: No aportar a documentación que faltaba no Sobre A e que lle foi requerida.
- **Garvi Electricidad S.L.**: No aportar a documentación que faltaba no Sobre A e que lle foi requerida.
- **Galega de Técnicas e Investimentos S.L.**: No aportar a documentación que faltaba no Sobre A e que lle foi requerida.

Terceiro.- Avaliar as proposicións aplicando os criterios de adxudicación do Anexo V.I e previo informe do Enxeñeiro Agrónomo, don Xosé Manuel González Vilas, de data 19 de agosto de 2016, co seguinte resultado:

Posición 1ª: Técnicas Enerxéticas Integrales Galicia S.L :..... 51,43 Puntos

Posición 2ª: Proxecta Obras e Servizos S.L.:.....47,98 Puntos

Posición 3ª: Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso S.L.:... 40,01 Puntos

Posición 4ª: Abrente Enerxía S.L:9,89 Puntos

Xa que logo, esta Xunta de Goberno Local invita ás empresas licitadoras que figuren coma admitidas no apartado 1º para que no prazo improrrogable de



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: correo@concellodenegreira.es

48 h, presenten unha 2ª oferta en relación cós aspectos de negociación que poidan ser mellorados e que se indican no Anexo V.II

Este acordo adóptase por delegación (Decreto 95/2015).

TERCEIRO.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS. POLÍGONO INDUSTRIAL DE COVAS”.- COMUNICACIÓN DE POSICIÓN ÁS EMPRESAS LICITADORAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o deixar sobre a mesa o asunto por non contar con tódala documentación necesaria para adoptar o acordo correspondente.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidencia deu por rematado o acto, finalizando a sesión ás catorce horas, de todo o que eu, como Secretaria, certifico.-

**Vº e Prace
O Presidente**



A Secretaria



